



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Anuncio de aprobación inicial das actuacións preparatorias para nova contratación da concesión do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e saneamento, tratamento e depuración de augas residuais (ciclo integral da auga do Concello)

O Pleno municipal do Concello de Miño, en sesión extraordinaria celebrada o día 6 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económico financeira asinado en data 5 de decembro de 2024 polo Doutor Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos d. Juan Cagiao Villar, colexiado núm. 11.924., en tanto que documentación preparatoria da futura e proxectada contratación da concesión de servizos para a xestión do ciclo integral da auga do concello de Miño nos propios termos en que aparece incorporado no expediente 2022/C006/000002.

Segundo.- Aprobar inicialmente o anteproxecto de construción das obras vinculadas á concesión de servizos do ciclo integral da auga do concello de Miño asinado en data 9 de decembro de 2024 polo Doutor Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos d. Juan Cagiao Villar, colexiado núm. 11.924, en tanto que documentación preparatoria da futura e proxectada contratación da concesión de servizos sinalada, nos propios termos en que aparece incorporado no expediente 2022/C006/000002.

Terceiro.- Someter a trámite de información pública o estudo de viabilidade económico financeira e o anteproxecto de construción das obras vinculadas á concesión de servizos do ciclo integral da auga aprobados nos puntos primeiro e segundo por un prazo de 1 mes durante o cal poderán presentarse cantas alegacións se consideren e que, no seu caso, deberán aceptarse ou rexeitarse polo órgano de contratación de xeito motivado.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a proposta de estrutura de costes asinada en data 5 de decembro de 2024 polo Doutor Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos d. Juan Cagiao Villar, colexiado núm. 11.924, en tanto que documentación preparatoria da futura e proxectada contratación da concesión de servizos para a xestión do ciclo integral da auga nos propios termos en que aparece incorporada no expediente 2022/C006/000002.

Quinto.- Someter a trámite de información pública a proposta de estrutura de costes aprobada no punto anterior por un prazo de 20 días durante os cales poderán presentarse cantas alegacións se consideren e que, no seu caso, deberán aceptarse ou rexeitarse polo órgano de contratación de xeito motivado antes da súa remisión para informe ao Comité Superior de Prezos do Estado, ou, no seu caso, do órgano autonómico consultivo correspondente.”

En cumprimento do disposto na normativa vixente, pola presente publícase o acordo para xeral coñecemento, aos efectos de presentacións das alegacións que se consideren oportunas.

Miño, 21 de febreiro de 2025

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2025/1234